

RECLAMACIÓNS DAS CUALIFICACIÓNS FINAIS

IES FRAGA DO EUME. CURSO 2019/2020

ESO e BAC: A resolución das reclamacións que se presenten resolveranse segundo o establecido nos artigos 38 e 39 da Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo, pola que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

FP Inicial: Artigo 45 do capítulo XII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo).

Para as reclamacións das materias de **2º de Bacharelato** seguirase o procedemento específico que para cada curso académico establece a Consellería a través da correspondente circular.

1.- Normas xerais para a reclamación diante dos Departamentos Didácticos:

- Despois das aclaracións oportunas co/a profesor/a, se procede, ao/á alumno/a (nos casos de maiores de 18 anos) ou o seu/s representante/s legais, pai/nai (nos casos de menores de 18 anos), poderán **solicitar por escrito a revisión da cualificación (ou decisión de promoción) no prazo de dous días lectivos a partir de que se realizou a comunicación desta (este curso o prazo de reclamación é 25 e 26 de xuño ata ás 13:00).**
- O **modelo de solicitude** de revisión, que conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación, está dispoñible na páxina web do centro e en secretaría.
- No primeiro día lectivo seguinte a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión, o departamento procederá ao estudo das solicitudes e emitirá un informe.
- **Se comunicará por escrito** ao alumno/a, ou aos pais do alumno/a no caso de ser menor de idade, **a decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada (ou a decisión modificada de promoción/titulación).**

2.- Proceso de reclamación diante da Xefatura Territorial:

- No caso de que, tralo procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción adoptada polo equipo docente, o/a alumno/a, ou os seus pais ou titores legais, poderán presentar por escrito, **no prazo de dous días hábiles contados a partir da última comunicación**, á Dirección do centro docente, reclamación ante a Xefatura Territorial.